



PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO MAR
2023-2024

Índice do Plan de Benestar e Convivencia

- 1. Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

- 2. Situación de partida**
 - 2.1. Análise DAFO

- 3. Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

- 4. Avaliación do Plan de Benestar e Convivencia**
 - 4.1. Seguimento do Plan
 - 4.2. Avaliación
 - 4.3. Modificación do plan

- 5. Difusión do Plan**

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

CÓDIGO:15023508

NOME: CEIP Plurilingüe Virxe do Mar

ENDEREZO: Rúa Illas Cíes, nº 2 **C.P. :** 15570

POBOACIÓN: Narón

TELÉFONO: 881 93 03 83

CORREO ELECTRÓNICO: ceip.virxedomar@edu.xunta.es

PÁXINA WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedomar/>

O centro está catalogado na Rede de Centros como centro de 3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria.

Na actualidade están en funcionamento 3 unidades de Educación Infantil e 9 de Educación Primaria, contamos con dous grupos en 2º, 3º e 6º de Educación Primaria.

O claustro está composto por 19 membros máis dúas mestras de relixión católica, que pertencen aos claustros do CEIP Ponte de Xubia e CEIP de Piñeiros.

No presente curso están matriculados 199 alumnos/as, 55 en Educación Infantil e 144 en Educación Primaria.

1.2. Breve xustificación do mesmo

Seguindo a “Estratexia galega de convivencia escolar 2025” os centros escolares precisan avanzar de cara á construción de centros máis seguros, accesibles, inclusivos, equitativos e saudables.

Neste eido, este plan tenta conseguir a mellora da coordinación do benestar e protección do alumnado, e establecer os mecanismos necesarios para unha maior coordinación en materia de educación emocional, de xeito que se converterá nun referente para apoiar a labor do profesorado ante posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.



1.3. Contextualización do Plan de Benestar e Convivencia.

➤ Características socio-económicas e culturais

O barrio onde se atopa o centro é un conxunto de bloques de casas na barriada das chamadas Casas da Mariña. Casas de barrio antigas cunha superficie habitable inferior ós 80 metros cadrados. A maioría das familias vive nestas vivendas.

O contexto socioeconómico e cultural do alumnado é moi diverso, dándose a circunstancia de que moitas familias proceden doutras autonomías e tamén do estranxeiro, que nalgúns casos precisa tamén de apoio educativo específico, ben sexa para a adquisición do idioma ou para acadar un nivel académico semellante ao dos rapaces escolarizados no centro. Por todo isto, existe unha grande diversidade lingüística e, sobre todo, cultural. Ademais, a sobrecarga de matrícula doutros centros escolares do Concello, fai que o noso centro acolla a nenos e nenas que non residen no entorno máis próximo.

Na análise de composición social ou procedencia económica das familias dedúcese que unha porcentaxe moi alta pertence a unha clase social medio-baixa, na que só a nai ou o pai traballan e unha pequena parte dos alumnos vive nunha familia sen que ningún dos seus proxenitores teña traballo.

As familias, en xeral, son colaboradoras existindo unha comunicación directa e constante ante calquera situación anómala. Aínda que existe un horario de atención ás familias, sempre se lles dá facilidades para acudir ao centro noutro momento, se por diversas circunstancias non puidesen vir nas horas de titoría.

Non todas as familias dispoñen dos medios necesarios para lograr un bo hábito de estudo e mellorar o seu rendemento académico.

Hai unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas, e teñen como lingua materna o castelá, lingua falada diariamente nas súas casas. Existe unha relación moi directa entre os resultados académicos do alumnado e o nivel cultural das familias.

Tanto o absentismo escolar (fundamentalmente debido a enfermidades) como a puntualidade son, en xeral, satisfactorios.

A ANPA do centro, amosa disposición de colaboración e implicación nas distintas actividades ou celebracións que se programan desde o centro.

➤ **Contribución do Plan ao Proxecto Educativo do Centro**

O Plan de Benestar e Convivencia trata, en cumprimento da lexislación vixente, de elaborar uns obxectivos e actuacións que permitan facer un seguimento e dar resposta ás diferentes necesidades que poida presentar a comunidade educativa en relación á convivencia e o benestar emocional.

1.4. Proceso de elaboración

Reunida a comisión de convivencia se elabora este plan, tendo en conta a normativa vixente, e establecendo obxectivos e indicadores que permitan saber as dificultades e fortalezas da comunidade educativa en relación co benestar emocional.

2. Situación de partida

2.1. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
PERSOAL DOCENTE		Predisposición á formación e á posta en práctica do plan	Falta de tempo
ALUMNADO		Moita diversidade tanto cultural como de diversidade funcional	Falta de coñecementos e dificultades na comprensión da importancia da validación das emocións propias e alleas
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Posta en práctica do programa TEI entre 3º e 5º de primaria	Falta tanto de tempo como de espazos para levar a cabo actividades contempladas no programa; así como falta de oportunidades para o resto do alumnado do centro, para

		establecer vínculos entre os diferentes niveis.
--	--	---

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
C A T E G O R Í A S	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Diferentes cursos e formacións ofertados pola consellería	Escaseza de profesorado que poida implementar os talleres e formacións que se ofertan en educación emocional xa que non se poden abarcar todas as necesidades e sensibilidades que temos dentro da nosa propia aula
	OUTRAS ENTIDADES	Existencia de diferentes entidades e asociacións relacionadas coa saúde mental e o benestar emocional na contorna	Dificultades para traballar con entidades externas á consellería de educación en relación á normativa de protección de datos

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

"Área de mellora": Plan de benestar e convivencia.					
1. OBXECTIVO :	Concienciar á comunidade educativa sobre a importancia do benestar emocional.			Acadado	
RESPONSABLE:	Comisión de convivencia.			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Aceptación do plan de benestar e convivencia.				
Valor de partida	O valor de partida é cero.				
Valor previsto e data	O valor previsto é de participación durante todo o curso escolar.	Remate do curso escolar.			
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
			VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Involucrar e concienciar ao profesorado	Comisión de convivencia.	Fin do curso escolar	- Máis do 80% do profesorado está interesado - Un 50% do profesorado está interesado. - Menos do 25% do profesorado está interesado	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.2: Involucrar e concienciar ao alumando: realizar obradoiros de convivencia escolar e prevención do acoso escolar co alumando de 6º	Claustro Concello de Narón	Dende outubro ata maio	- Máis do 80% do alumnado participa. - Un 50% do alumnado participa. - Menos do 25% do alumnado participa.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.3: Involucrar e concienciar ás familias	Comisión de convivencia Claustro	Fin do curso escolar	- Máis do 80% das familias participa - Un 50% das familias participa - Menos do 25% das familias participa	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Formación por parte do profesorado en benestar emocional

2. OBXECTIVO :	Potenciar entre o profesorado a formación específica en indicadores en benestar emocional e en saúde mental que contribúa á detección temperá de casos e a crear un ambiente escolar positivo e seguro.		Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo, comisión de convivencia e claustro		Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Formación por parte do profesorado.				
Valor de partida	O valor de partido é cero				
Valor previsto e data	O Valor previsto é que a maioría do claustro participe na formación		3º trimestre curso 23-24		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
			VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Realización de formación en saúde mental e benestar emocional.	Equipo directivo, claustro, comisión de convivencia	Final do curso escolar	- Realizouse a formación por máis do 50% do profesorado. - Realizouse a formación por menos do 50%. - Non se realizou a formación.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.2: Realización no PFPP deste curso escolar formación sobre patios inclusivos para fomentar o benestar emocional do noso alumnado, especialmente daquel que presenta NEAE.	Equipo directivo, claustro comisión de convivencia	Final do curso escolar	- Realizouse a formación con máis do 50% do profesorado - Realizouse a formación con menos do 50% de profesorado. - Non se creou o PFPP	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.3: Poñer en práctica a formación levando a cabo os patios inclusivos.	Equipo directivo, claustro, comisión de convivencia	Final do curso escolar	- Puxéronse en práctica de patios inclusivos. - Puxéronse en práctica pero non se acabaron de implementar. - Non se puxeron en práctica.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

"Área de mellora": Sensibilizar sobre o emprego das TIC

3. OBXECTIVO :	Difundir actuacións para sensibilizar e previr sobre o abuso das TIC na infancia e adolescencia e as condutas aditivas con e sen substancias.		Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo, comisión de convivencia e claustro		Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Redución do tempo de emprego das TIC nos momentos de lecer como forma de entretemento			
Valor de partida	O valor de partida é cero.			
Valor previsto e data	O valor previsto é de 75% da comunidade educativa		2-3º trimestre curso 23-24	
ACCIÓNS A DESENVOLVER				
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	SEGUEMENTO DA ACCIÓN	
			VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Organización dun curso de formación para as familias sobre o abuso das novas tecnoloxías	Equipo directivo, comisión de convivencia e claustro	Final do curso 2023-2024	- Organízouse o curso e asistiron máis do 50%.	Realizada
			- Organízouse o curso e asistiron menos do 50%	Aprazada
			- Non se organizou o curso.	Pendente
AO1.2: Charla para o alumnado de primaria sobre os perigos de internet (plan director)	Equipo directivo, comisión de convivencia e claustro	Segundo e terceiro trimestre do curso 2023-2024	- Levouse a cabo a charla co 50% do alumnado	Realizada
			- Levouse a cabo a charla con menos do 50% de profesorado.	Aprazada
			- Non se levou a cabo a charla	Pendente
AO1.3: Empregar a páxina web do centro para subir información sobre o tema e que sexa accesible a toda a comunidade educativa.	Comisión de convivencia e claustro	Segundo e terceiro trimestre do curso 2023-2024	- A páxina web organizouse e emprégase	Realizada
			- A páxina web organizouse e non se emprega	Aprazada
			- Non se organizou a páxina web	Pendente

"Área de mellora": Coordinación entre profesionais

4. OBXECTIVO :	Favorecer a intervención comunitaria no campo de saúde mental e desenvolvemento do benestar emocional, proporcionando as conexións entre os profesionais dos centros escolares, os centros sanitarios e os colectivos locais que apoien á infancia e xuventude.		Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo, comisión de convivencia e claustro		Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Canles de coordinación e colaboración entre os diferentes profesionais				
Valor de partida	O valor de partida é cero.				
Valor previsto e data	O Valor previsto é que a maioría do claustro leve a cabo esta comunicación	Todo o curso 2023-2024			
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
			VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Facer reunións cos profesionais externos implicados co noso alumnado en materia de benestar emocional.	Equipo directivo Comisión de convivencia Claustro	Ao longo de todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> - Fixéronse as reunións no 50% dos casos - Fixéronse as reunións con menos do 50% dos casos - Non se fixeron as reunións 	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.2: Manter canles de comunicación vía telefónica, email... para facilitar o intercambio de información cando sexa preciso	Equipo directivo Comisión de convivencia Claustro	Ao longo de todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> - Se mantivo a comunicación por diferentes canles - Non se mantivo a comunicación 	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.3: Facer rexistros das reunións que se manteñan cos diferentes profesionais en materia de benestar emocional	Equipo directivo Comisión de convivencia Claustro	Ao longo de todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> - Empregáronse os cuestionarios en dúas materias. - Empregouse o cuestionario nunha materia. - Non se empregaron os cuestionarios. 	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

"Área de mellora": Materiais e instrumentos sobre benestar emocional

5. OBXECTIVO :	Elaborar e difundir materiais e instrumentos que contribúan á formación e información da comunidade educativa sobre benestar emocional e saúde mental		Acadado		
RESPONSABLE:	Equipo directivo, comisión de convivencia e claustro		Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Elaboración e difusión de materiais				
Valor de partida	O valor de partida é cero				
Valor previsto e data	O valor previsto é crear un banco de recursos		Segundo e terceiro trimestre do curso 23-24		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
			VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Elaborar e recompilar materiais en materia de benestar e saúde mental	Equipo directivo Comisión de convivencia Claustro	Segundo e terceiro trimestre	- Elaborouse material - Non se elaborou	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO1.2: Difundir estes materiais para que sexan accesibles a toda a comunidade educativa	Equipo directivo Comisión de convivencia Claustro	Segundo e terceiro trimestre	- Difundiuse o material na páxina web e outros medios - Non se difundiu	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

4. Avaliación do plan

Para a elaboración e coordinación do Plan desenvolveremos o seguinte procedementos:

- **Trimestralmente** valorarase o estado de execución de cada unha das accións de mellora e a análise e valoración dos resultados tal e como está recollido en cada unha delas. Axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi alcanzado e se é necesario realizar variacións no plantexamento destas accións durante o curso para que as propostas se materialicen, e de ser necesario recolleranse as propostas de mellora para acadar o logro desas accións.
- Os resultados da avaliación do terceiro trimestre, **avaliación final**, recollerán o logro das accións e propostas de mellora para desenvolver no seguinte curso. Estes datos quedarán reflectidos na memoria do curso escolar para presentar ao Claustro e ao Consello Escolar.

5. Difusión do plan

O Plan de Benestar e Convivencia aparecerá na páxina web do CEIP Plurilingüe Virxe do Mar para que poida ser accesible a calquera membro da súa comunidade escolar.

Este Plan entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación no Consello Escolar, poñéndose en práctica no curso 2023-2024.

Elaborado pola coordinadora de Benestar: Rocío Freire Cuiñas

Aprobado polo Claustro: 10-10-2023

Aprobado polo Consello Escolar: 10-10-2023

M^a del Carmen Loureiro Rodríguez
Directora
(sinatura dixital)